



MÚSICA

Jazz de Ría

CELEBRA OS 10 ANOS



Xabier Díaz

EN SAN ANTÓN
DE CORVEIRO
COA ECLIPSE

Pepe Cunha

Aínda que haxa que non o vexa, a música galega está a vivir un excelente momento. Poucas miradas mellores para analízalo que a do galardado divulgador Pepe Cunha, responsable da páxina Ábrete de orellas, referente da emisora libre Rádio Filispim e un afervoadado defensor de músicas e artistas do país

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

Aí. Para o ano fas tres décadas de labor crítica desde os medios, comezando por aquela referencial Radio Kaos do campus de Ferrol.

PC. Aí comezou todo. Logo de acabar os estudos nos Estados Unidos ofrecéronme participar e naceu o meu referente en 1997, Ábrete de orellas, e un par de programas máis daquela, Chicas católicas, como o tema de Frank Zappa, e Tumbado a la bartola, de Siniestro Total. Naquel entón aínda non poñía música galega.

Aí. Cando cambiou iso?

PC. Axiña. Empezamos a recibir discos e descubrín que bandas como Berroqueto, Os Cempés, Mercedes Peón eran espectaculares, que a música tradicional molaba e comecei a adicarlle cada vez máis tempo. Era a moda da World Music e alternaba con cousas como Waterboys, Pogues ou reggae, moito mestizaxe na onda espiritual dos Clash.

Aí. Paralelamente participas en actividades colectivas que teñen os seus froitos.

PC. Si, un grupo de persoas diversas creamos a asociación

cultural Opaiiii! e logo, despois dun concerto que funcionou moi ben e xuntamos cartos, a emisora libre Radio Filispim que o ano pasado fixo o seu 20 aniversario. En 2003 poño en marcha a web abretedeorellas.com e tamén fago crítica para Diario de Ferrol.

Aí. Hoxe fas “Ábrete de orellas” desde Radio Filispim pero pode escoitarse en toda Galicia.

PC. Si, desde Cuac FM da Coruña, con quen vimos de facer unha xornada de irmandamento, Redondela, Allariz, Pontevedra, Teo, a Costa da Morte, e por suposto en plataformas de podcast en galego (Podgalego, etc).

Aí. Que recordas deses primeiros anos de traballo?

PC. Moi interesantes porque estamos na época do bipartito (2005-2009) e houbo unha aposta clara na Radio Galega pola música de noso e viuse que non era todo folk, había moitos estilos e artistas variados. Nese momento os medios públicos do país cumpriron co que ten que ser o seu labor e fixeron semente para o futuro. Sen ese tempo non se explica a chegada

de Familia Caamagno ou posteriormente de The Rapants ou Grande Amore.

Aí. Unha das facetas que fuches desenvolvendo foi o das exposicións sobre a música de noso.

PC. Si, encargáronme os contidos de “CantáMola en galego”, para institutos de Pontevedra, e “GaleGoza”, da provincia de Lugo. A través de paneis vou comentando a evolución da música popular galega das últimas décadas nos diferentes estilos: músicas urbanas, infantil, canción de autor, tradicional, etc. Aos rapaces sorpréndelles e aos profes máis.

Aí. Antes do seu éxito, xa eras un afervoadado defensor de Tanxugueiras. Que vías nelas?

PC. Tanxugueiras déronlle unha couce á porta e de alí saíu todo o que estaba agochado e souberon conectar moi ben co público. Eu alégrome infinito do seu éxito porque son unhas currantas desde abaixo e sempre lles agradecen aos seus referentes o traballo, sempre os citan e non todo o mundo que triunfa o fai. Foron quen de



xestionar o seu éxito e tivo que ser moi duro.

Aí. Que outros nomes merecerían ter éxito?

PC. Moitos, Uxía Pedreira, Guadi Galego, Antía Muíño, Caamaño e Ameixeiras, Berlai, por suposto Xabier Díaz, Lontras, Mondra, Zavala...

Aí. O teu libro sobre Guadi Galego é un referente. Tes pensado publicar máis?

PC. O libro sobre Guadi, “Pola beira da canción” foi natural e cómodo, pola temática e por ela mesma. Non creo que me saía outro igual. Pensara no seu momento facer un sobre Narf para reivindicalo, pero estase a preparar un de homenaxe. Tamén pensei nun de artigos publicados ou un a propósito das exposicións, pero de

“NON HAI MELÓMANO PARA TANTO FESTIVAL”

momento non hai nada.

Aí. Estar ao tanto do que se fai en Galicia desde Xuvia non debe ser doado, sobre todo asistindo aos concertos!

PC. O meu motor é a xente que coñeces e os músicos. Como non vivo disto para min é un “hobby profesional” que me ocupa case todo o tempo libre.

Aí. E o papel da crítica, tan necesario, como o ves?

PC. Hoxe todo se mide con cifras, vendas e festivais, pero

hai que ter un criterio, unha opinión. Hai produtoras que deixaron de enviarme discos por unha mala crítica, pero sempre está todo razoado. Incluso amigos músicos aos que lle fixen unha crítica negativa non o tomaron mal porque viron que estaba razoada, argumentada e feita con respecto.

Aí. Salas de concertos ou festivais, que prefires?

PC. Eu vou todo o ano a salas, os festivais soen amosar menos criterio e programan en función da venda de entradas. Creo que non hai melómano para tanto festival. Entre os que non faltó está o SinSal, o Jazz de Ría, o Felicia Pop e aprecio os clásicos con encanto como Pardiñas.

06-09 *xoves a domingo*

GULLIVER FEST

Festival

ÁREA RECREATIVA DE PEDROSO (NARÓN)

DE BALDE



O GULLIVER FEST CHEGA Á SÚA SEXTA EDICIÓN CON FIDELIDADE ABSOLUTA Á IDEA COA QUE NACEU: UNHA PROPOSTA PARA COMPARTIR EXPERIENCIAS DE VIAXE E UNHA BANDA SONORA DE INSPIRACIÓN BALCÁNICA.

Concertos, charlas sobre viaxes, espectáculos familiares, teatro, cine ao aire libre, actividades deportivas e obradoiros conforman o programa do festival. Entre as propostas destacan as intervencións da xornalista Rosa María Calaf e Pablo Strubell, ademais de actividades como unha carreira de orientación e sesións de ioga. A programación musical inclúe actuacións de Muyayo Rif, Farra Fanfarra, Balkan Bomba, Wahira, Lidia India e Hafa Afrosweet.

07 *venres* **21.30 H**

ORQUESTRA MONDRAGÓN

Música

PASEO DE XUVIA

DE BALDE



OS HISTÓRICOS FÓRMULA V E A ORQUESTA MONDRAGÓN PROPOÑEN UNHA NOITE DE POP VINTAGE ESPAÑOL.

A banda de Javier Gurruchaga fai 50 anos sobre os escenarios. Medio século de aventuras musicais, de rock e humor irreverente. A formación regresa cun espectáculo especial que é, ante todo, unha gran festa de aniversario.



26º Oemach atlántico

do 31 Xullo ao 2 Agosto 2026
Sedes - Narón
Festa Catalogada de Interese Turístico de Galicia

PROGRAMA COMPLETO:





NARÓN

Polvorada da Cultura

Concello de Narón


Deputación da Coruña


XUNTA DE GALICIA


Asociación de Teatro
MUNDADA VENTOS
Galicie Teatro

//ABANCA

14-15 venres, sábado 21.00 H

NACHIÑOS FEST

Música

PEIRAO DE CURUXEIRAS (FERROL)

27,50 €

O FESTIVAL INDIE FERROLÁN APOSTA ESTE ANO POLA ESCENA GALEGA NA ESCOLLA DOS CABEZAS DE CARTEL.

O festival propón este ano un cartel que combina artistas consolidados e novas propostas da escena galega e estatal. The Rapants e Baiuca encabezan unha programación na que tamén participan Puño Dragón, La Milagrosa, Pavlenha, Eris MacKenzie, Hydn, Raze, DJ Flaca e Grande Osso. O festival mantén a súa aposta por un formato de dimensión contida, cun ambiente próximo e unha selección musical que abrangue o indie, o pop, a electrónica e as músicas urbanas.

21 venres 18.00 H

OS NOSOS MARES

Contacontos

PARQUE ROSALÍA (ARES)

DE BALDE

SESIÓN DE NARRACIÓN ORAL E XOGOS PARA FAMILIAS SOBRE A RIQUEZA DOS FONDOS MARIÑOS DE GALICIA.

Os nosos mares é un contacontos familiar en lingua galega que afonda nos fondos mariños de Galicia a través da narración oral, a participación do público e a divulgación ambiental. A proposta complétase cun espazo de xogo tradicional de temática mariñeira que promove o galego como lingua de lecer, conciencia ecolóxica e encontro interxeracional. Non se pode defender o que non se ama e non se pode amar o que non se coñece. A sesión inspírase nun libro do mesmo título que amosa a riqueza de vida que agocha o mar galego, invitando ao lector a esculcalas e coñecer os bosques somerxidos e os diferentes fondos mariños.

12-16 mércores a domingo

JAZZ DE RÍA

Música

NARÓN, NEDA, CEDEIRA, VALDOVIÑO

DE BALDE



O FESTIVAL PROPÓN UNHA PROGRAMACIÓN DIVERSA NA QUE O JAZZ APARECE COMO UNHA LINGUAXE CAPAZ DE DIALOGAR CON CULTURAS E XERACIÓNS DIFERENTES.

Hai festivais que programan concertos e outros que propoñen unha maneira de escoitar a música. Na súa décima edición, Jazz de Ría volve construír un percorrido musical que atravesará Narón e a comarca coa improvisación como fio condutor. O programa reúne algunhas das voces máis interesantes do jazz internacional xunto a proxectos que dialogan co folk, a tradición afrocubana, a canción latinoamericana ou a creación contemporánea. O público poderá escoitar o refinado jazz vocal de Sara Dowling, a intensidade expresiva do saxofonista cubano Yosvany Terry, a liberdade creativa de Albert Cirera & Tres Tambors ou a personalidade do violinista arxentino Manu Sija, un dos músicos máis singulares da súa xeración. A eles súmanse a sensibilidade de Alejandro y María Laura, o concerto especial Ensemble 100xMiles, creado arredor do legado de Miles Davis, e a presenza de Xabier Díaz, que achega ao festival unha mirada aberta sobre a música tradicional galega.

21 **venres**

21.00 H

CADENA 100

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



YOLY SAA, BOMBAL E FANGORIA INAUGURAN AS FESTAS DE FERROL CUN CONCERTO DE CADENA 100, UNHA CITA GRATUÍTA QUE REÚNE TRES PROPOSTAS MOI DIFERENTES DO PANORAMA MUSICAL ACTUAL.

A cantautora galega Yoly Saa, unha das voces máis destacadas do pop de autor actual, será a encargada de abrir o concerto. A artista presenta en Ferrol as cancións de *Mar de Ardora* nun formato próximo e íntimo, no que as letras e a conexión co público adquiren un protagonismo especial. A continuación subirá ao escenario Bombal, a banda valenciana que achegará o lado máis luminoso e festeiro da noite. En plena xira de verán, o grupo continúa consolidando o seu característico son pop con influencias mediterráneas e un repertorio pensado para gozar en directo.

O peche da noite correrá a cargo de Fangoria, o dúo formado por Alaska e Nacho Canut, que chega inmerso na xira de presentación de *La verdad o la imaginación*. O seu directo mantén a esencia do grupo cun espectáculo de pop electrónico no que conviven as novas cancións con algúns dos grandes himnos da súa traxectoria, como «Dramas y comedias», «Espectacular» ou «A quién le importa».

22 **sábado**

22.00 H

VANESA MARTÍN

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



A ARTISTA MALAGUEÑA PRESENTA *CASA MÍA*, UN ESPECTÁCULO NO QUE COMBINA AS CANCIÓNS DO SEU ÚLTIMO TRABALLO COS GRANDES ÉXITOS QUE MARCARON A SÚA CARREIRA.

Cun estilo que mestura pop, canción de autora e influencias flamencas, Vanesa Martín ofrecerá un directo marcado pola intensidade interpretativa e a proximidade co público. A apertura do concerto correrá a cargo de Agris, banda ferrolá que continúa afianzando a súa traxectoria na escena musical galega cunha proposta que combina pop, rock e indie.

23 **domingo**

22.00 H

SILOÉ

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE

A BANDA VALISOLETANA SUBE ÁS TÁBOAS CUNHA PROPOSTA QUE FUSIONA POP, FOLK E ELECTRÓNICA.

Siloé chega inmersa na xira do seu último traballo, consolidada como unha das formacións máis singulares do panorama musical español. O seu directo destaca pola enerxía da súa música e unha coidada posta en escena.


24 luns 21.00 H**BUDIÑO E DE NINGHURES****Festas de Ferrol**

PRAZA DE ARMAS. FERROL DE BALDE

Budiño, unha das figuras fundamentais da música galega contemporánea, encabeza un concerto no que tamén participa De Ninghures, formación emerxente que fusiona a tradición galega con sons actuais e influencias doutras músicas de raíz.

25 martes 21.00 H**LEIRE MARTÍNEZ E PAULA KOOPS****Festas de Ferrol**

PRAZA DE ARMAS (FERROL) DE BALDE



A EXVOCALISTA DE LA OREJA DE VAN GOGH COMPARTI ESCENARIO CUNHA DAS NOVAS REFERENCIAS DO POP ESPAÑOL.

Leire Martínez presenta en Ferrol *Historias de aquella niña*, o seu primeiro álbum en solitario. A apertura do concerto correrá a cargo de Paula Koops, unha das artistas con maior proxección do panorama musical español.

26 mércores 22.00 H**CELTAS CORTOS****Festas de Ferrol**

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



A BANDA VALISOLETANA REGRESA AOS ESCENARIOS CUNHA PROPOSTA QUE COMBINA FOLK, ROCK E COMPROMISO SOCIAL.

Celtas Cortos chega a Ferrol inmersos nunha xira que percorre máis de catro décadas de traxectoria musical, reunindo clásicos como «20 de abril», «Cuéntame un cuento» ou «La senda del tiempo» xunto a cancións da súa etapa máis recente. Considerados unha das formacións máis influentes do folk-rock español, os valisoletanos construíron ao longo da súa carreira un son inconfundible no que conflúen instrumentos tradicionais, rock e letras de marcado carácter social. O seu concerto propón un percorrido polos grandes éxitos que os converteron nun referente da música española.

28 venres 20.30 H**DANNY ROMERO, JOSÉ DE RICO E HENRY MÉNDEZ****Festas de Ferrol**

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE

TRES REFERENTES DA MÚSICA URBANA E O ELECTRO-LATINO, SUBEN ÁS TABOAS NUN CONCERTO CARGADO DE RITMO.

Os tres artistas reuniranse nun concerto no que repasarán algúns dos temas que marcaron a última década da música urbana e do electro-latino. Cun directo marcado polo ritmo e a enerxía, ofrecerán un espectáculo pensado para bailar e revivir éxitos que acumulan millóns de reproducións.

SALA CURUXEIRAS

PUERTO Y CIUDAD

¡Feliz verano!
desde el
Puerto de Ferrol

 **Ferrol
Puerto**

Autoridad Portuaria
Ferrol - San Cibrao

30 domingo 22.30 H

MARLENA

Música

PRAZA DE ARMAS (FERROL) DE BALDE



HIMNOS XERACIONAIS DE GRAN IMPACTO NAS PLATAFORMAS DIXITAIS E UN DIRECTO MOI PRÓXIMO AO PÚBLICO.

Marlena ofrece unha das propostas máis recoñecidas da nova escena pop española, combinando melodías pegadizas, letras emocionais e unha identidade sonora propia. O dúo formado por Ana Legazpi e Carolina Moyano conquistou a miles de seguidores cun pop fresco e contemporáneo que conecta especialmente co público novo.

29 sábado 20.30 H

REGUETÓN E HIP HOP

Música

PRAZA DE ARMAS (FERROL) DE BALDE



BRUNOKAVI DJ, UNAIL, SKINYZ, X. MASEDA E LGIDO PROTAGONIZAN A NOITE DA MÚSICA URBANA CONTEMPORÁNEA PARA O PÚBLICO MÁIS NOVO NAS FESTAS DE FERROL.

O festival reunirá algunhas das propostas máis representativas da nova escena urbana, electrónica e de club, cun cartel marcado pola enerxía dos ritmos actuais e a conexión directa co público. Bases electrónicas, sons trap, reguetón, hip hop e novas linguaxes nadas da cultura dixital. Artistas cunha importante presenza nas redes sociais e nas plataformas de escoita, capaces de mobilizar a unha xeración que vive a música como unha experiencia compartida.

UMAMI DANCE THEATRE


AGRIDULCE 2.0

ACORD O'Pote
Romaría do Pote, Mariño

DOMINGO
30 DE AGOSTO
12.00 HORAS
ENTRADA LIBRE

Deputación DA CORUÑA
OPORTE
FENE CONCELLO

ESTREA DESTACADA | 21 DE AGOSTO



Erige Sehiri

PROMETIDO EL CIELO

Despois do seu primeiro filme, *Entre las higueras*, como abordou a escritura e a dirección de *Prometido el cielo*?

Como sempre, para min, trátase de facer visibles ás persoas invisibles. Historicamente, Tunes formaba parte dunha rexión chamada Ifriqiya durante os imperios romano e árabe-musulmán. O termo África deriva de alí; en realidade, era o nome dunha rexión antes de converterse no nome de todo o continente. A través desa palabra, agora máis que nunca, debemos lembrar que a historia e a identidade de África tamén están profundamente arraigadas en Tunes. En 2016, mentres investigaba para unha curtametraxe documental, un encargo do grupo mediático Inkyfada (*Étudiants, 2018), atopeime cun grupo de mozos procedentes do África subsahariana que chegaran a Tunes para continuar os seus

estudos, moito antes da onda masiva de inmigración cara a Europa. Eran de Senegal, Congo e Costa do Marfil, todos con orixes diferentes. Como é natural, intereseime por esas comunidades. Adoitamos esquecer que a gran maioría dos migrantes africanos, ao redor do 80%, viaxan dentro das fronteiras do continente. Só o 20% emigra a Europa. O que me intrigaba era que vivían nun mundo paralelo: tiñan os seus propios bares (chamados maquis), as súas propias discotecas, as súas propias tendas e as súas propias igrexas. Ao converter os edificios nos que vivían en igrexas evanxélicas, puiden ver que intentaban manterse unidos e recrear vínculos sociais. O mesmo ocorreu coas primeiras mesquitas en Francia. Os fregueses acoden a eses lugares non só para rezar, senón sobre todo para protexerse da dura realidade na que viven.

Prometido el cielo faise eco da recente declaración

do presidente de Tunes sobre os migrantes.

Empecei a traballar no filme moito antes de que as cousas evolucionasen nesa dirección. Ao principio, non tiña como obxectivo documentar o que estaba a suceder en Tunes, pero co tempo, o filme comezou a reflectir a situación política do país. A historia que estabamos a escribir viuse atrapada pola realidade. Coas detencións masivas e as redadas que se estaban levando a cabo en toda Tunes, empezamos a preguntarnos: como podemos reflectir esas tensións na nosa historia sen converter aos nosos personaxes en estereotipos anticuados e reduccionistas? Intentabamos ter certa perspectiva sobre o que estaba a suceder, para evitar calquera violencia innecesaria en pantalla. Queríamos ver a estas mulleres vivir as súas vidas, a pesar de todo.

Atalante (extracto)

07 AGOSTO

EL AMOR QUE PERMANECE Hlynur Pálmason

2025 | ISLANDIA | 109' | ISLANDÉS



A cousa nunca acaba de funcionar cando Anna e Magnus, recentemente separados, se reúnen cos seus tres fillos na aldea rural onde viven coa nai. Asistimos ao paso das catro estacións nesa relación que se desintegra, escenas dun (ex)matrimonio que se afanan en capturar momentos cotiáns, coma se desa forma quedasen a salvo do esquecemento nun hipotético álbum familiar.

National Board of Review 2025 (Mellores Filmes Extranxeiros do Ano)

“Retrato exquisitamente tenro e cada vez máis caótico dunha familia no limbo.” Variety

14 AGOSTO

VIVIR LA TIERRA Huo Meng

2025 | CHINA | 135' | MANDARÍN



En 1991, mentres China atravesaba uns profundos cambios socioeconómicos que levan a moitos a abandonar as súas aldeas rurais en busca de traballo nas cidades, Chuang, un neno de 10 anos e o terceiro fillo da súa familia, debe ficar na vila debido aos plans familiares. Nun contexto de modernización,

onde a chegada da tecnoloxía transforma o modo de vida tradicional, os ciclos de nacementos, mortes, matrimonios e funerais reflicten o peso persistente da tradición e as dificultades de equilibrar as responsabilidades familiares nun mundo en constante cambio.

Berlinala 2025 (Oso de Prata - Mellor Dirección (Huo Meng))

“Un fresco contemporáneo con modais de epopea tan intenso como desgarrado. Unha xoia” El Mundo

21 AGOSTO

PROMETIDO EL CIELO Erige Sehiri

2025 | FRANCIA | 95' | FRANCÉS E ÁRABE



Segundo filme de Erige Sehiri, centrado nas vidas de tres compañeiras de piso costamarfilenses de distintas xeracións e a nena orfa á que acollen. Filme inaugural dun Certain Regard en Cannes 2025. Gañadora aos premios de Mellor Dirección, Mellor Guion e Interpretación no Festival de Cine Francófono de Angulema (FFA).

Cannes 2025 (Un Certain Regard)

“Un drama observador e envolvente que mira con empatía a quen se atopa atrapados no limbo e esperan un futuro mellor”

26 AGOSTO

EL SER QUERIDO Rodrigo Sorogoyen

2026 | ESPAÑA | 135' | ESPAÑOL

O aclamado director de cine Esteban Martínez é unha lenda tanto polos seus filmes como polo seu pasado de violencia e excesos. Para o seu novo proxecto



ofrécelle un papel á súa filla Emilia co pretexto de axudala na súa estancada carreira de actriz. A convivencia da rodaxe dará lugar a unha intimidade que non tiñan desde hai anos, pero tamén reavivará vellas dores que nunca se curaron.

Cannes 2026 (sección oficial)

“O Javier Bardem máis devastador da súa carreira” Fotogramas

OFF DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO.

MAR 25 ÁS 20:00

NINO

Pauline Loquès

2025 | FRANCIA | 96' | FRANCÉS


En tres días Nino debe



enfrentarse a un gran desafío, pero antes terá que completar dúas tarefas vitais. Dúas misións que lle levarán a percorrer París para reconectar co mundo... e consigo mesmo.

Cannes 2026 (sección oficial)

“Suavemente devastadora. Séntese como un pequeno milagre polo xeito en que evoca un torrente de emocións” rogereberet.com



NOVELA

ASASINATO NO MUIÑO DO CURA

ARANTZA PORTABALES | EDICIÓN GALAXIA | 396 PÁX. | **21,80€**

ARANTZA PORTABALES REGRESA AO TERREO DA NOVELA NEGRA TRALO ÉXITO DE “ASASINATO NA CASA ROSA”, COA DETECTIVE IRIA SANTACLARA E O COMISARIO XUBILADO CÉSAR ARAÚJO.

Nesta *Asasinato no muíño do cura* aparecen os segredos escuros da vila de Loeiro nunha trama que conecta un crime do pasado cunha tensa investigación no presente. A acción comeza en 1984, cando a comunidade queda conmocionada por unha matanza no muíño do Cura, un suceso no que tamén morre de xeito misterioso a pequena Berta, unha sobriña do párroco. Décadas máis tarde, o pacto de silencio que os veciños mantiveron durante xeracións salta polos aires co regreso de Alba Mariño, unha muller que volve á vila disposta a recuperar o seu pasado familiar. A chegada de Alba actúa como o detonante e reactiva as pescudas policiais, da man de Santaclara e Araújo, dous investigadores que contan coa peculiar colaboración de Sinda, a limpadora da comisaría alcumada como “a Gestapo”. A medida que avanza a investigación, o foco principal colócase sobre as misteriosas irmás Freijomil, as netas do cura, mentres a localidade de Loeiro convértese nun escenario de intriga psicolóxica onde os veciños teñen algo que ocultar. Portabales volve crear unha trama entretida e lixeira cuns personaxes que cheiran a futura serie de novelas.

NOVELA

ANDRADE E A PEGA

ANTONIO M. FRAGA | DAVID PINTOR (ILUST.) | ASOC. HABITAMOS | 44 PÁX

O escritor eumés Antonio Manuel Fraga, recentemente incluído na prestixiosa lista internacional IBBY de literatura infantil, elabora unha deliciosa historia sobre a necesidade de coidar o medio. Acompáñase do ilustrador Manuel Pintor no ronsel do mellor Quentin Blake. Esta publicación naceu como o colofón e peche do proxecto de sensibilización ambiental titulado “O cambio climático non é un conto”, impulsado pola Asociación Habitamos e centrada en concienciar e divulgar entre os máis novos o impacto da crise climática e a importancia de protexer a natureza.


NOVELA

12 MULLERES SEN ROSTRO

ROSA DE CABANAS | EDITORIAL GALAXIA | 82 PÁX. | **19€**

A ilustradora e arquitecta Rosa de Cabanas rescata do esquecemento a doce galegas históricas e lendarias, devolvéndolles a identidade negada polo patriarcado a través de relatos e ilustracións. Figuras como Pepa a Loba, María Pita, Isabel Zendal, a raíña Lupa ou María Soliña son protagonistas neste libro que combina literatura e arte para denunciar a invisibilización feminina. O texto pon en valor o legado social destas figuras, como un acto de xustiza histórica, e engade de xeito máis breve outra serie de nove figuras femininas de fóra de Galicia.

DELICIAS SONORAS

**NÉBOA BARCO FANTASMA**

A quen cuestione a variedade de propostas da música galega actual estaría ben propoñerlle a unha banda tan insólita como Néboa e en particular este o seu terceiro traballo de longa duración editado no selo discográfico Raso Estudio. Son once temas do quinteto que navegan nun terreo alternativo propio. Trátase dun traballo conceptual onde a banda transita entre o pop nas marxes, a electrónica experimental, o neofolk ibérico e os ritmos tradicionais. Canda a reflexións sobre a travesía marítima como viaxe existencial, as letras (escritas a cabalo entre o galego e o portugués) manteñen unha forte ligazón co misticismo e as raíces. En temas como “San Xoán” ou “Atracar (maneo)”, recupérase o espírito do folclore para falar de rituais, de noites máxicas e da necesidade de buscar un refuxio ou un territorio propio no mundo actual. A maiores, o disco caracterízase por un certo espírito coral e inclúe colaboracións de Mondra, Antía Muíño, Lilaina, Rémorea ou Antía Ameixeiras entre outros nomes da actual escena galega. Alén dun disco de pop alternativo, unha sentida experiencia sonora esta proposta de Néboa.

**HEY! HEY! WE'RE BANDA AL9**

Baixo o pouco brillante nome de Banda AL9 agóchase o grupo dos irmáns Matheus e Thiago Khouri da localidade brasileira de São Paulo. Afervoados fans dos Beatles, unha banda que factura unha música ancorada entre o son do beat de Liverpool máis recoñecible e un power pop de harmonías vocais e guitarras Rickembaker. Ata o de agora publicaron dous discos en portugués coa súa versión en inglés, pero este terceiro traballo orixinal, “Hey! Hey! We're Banda AL9”, xa se edita directamente en inglés no selo norteamericano Wicked Cool Records. O traballo inclúe once pezas no ronsel dos Lennon/McCartney do 64, con temas estimulantes e luminosos como “She calls me love”, “She can do it all”, “Morning Star” ou “I am dreaming”. O disco en xeral sería un bo traballo de posta ao día do beat sixtie pero unha sorpresa nos agarda no quinto corte, “Indigo Skye”. Unha auténtica obra mestra de power pop escrita polo produtor, un tal Steve Van Zandt... Só por ese corte este disco merece a pena, un deses temas que medran coa emoción dunha montaña rusa. Comproben.

**VV.AA. WHEN WILL THEY EVER LEARN?**

Ao título do disco “When will they ever learn” (“Cando aprenderán?”) engádese o máis informativo subtítulo “A story of U.S. folk music 1963-1969”. Trátase dun percorrido a través de cen cancións dos artistas e temas máis representativas do folk norteamericano dos anos 60, irmanado blues, pop e country con algunhas das pezas máis fermosas do século XX. Dos nomes recollidos, non faltan desde os máis puristas The Kingston Trio, Odetta, Pete Seeger ou Peter Lafarge. Logo os artistas e estilo do folk norteamericano vai avanzando da man de titáns como Dylan, Simon & Garfunkel, Fred Neil, Jeese Colin Young ou P.F. Sloan ata a mestura co pop da man de bandas fascinantes, dos Byrds a Mamas & the Papas, Kaleidoscope ou Grateful Dead e artistas na beira dos 70 como Tim Buckley ou Karen Dalton, por non seguir citando nomes clásicos de Johnny Cash a Dolly Parton. A presente caixa en formato de catro cedés é un excelente resumo para afondar en temas e artistas que levaron o arrecendo da música popular a niveis de intensidade e sofisticación inéditos ata entón.

AGOSTO

01 sábado

FEIRA

11.00 h Porto de Ferrol.

FEIRA MEDIEVAL

FEIRA

11.00 h Campo do Trece.
Sedes. Narón.

OENACH ATLÁNTICO

MÚSICA

22.30 h Paseo do Areal.
Cabanas.

BROKEN PEACH

02 domingo

FEIRA

11.00 h Porto de Ferrol.

FEIRA MEDIEVAL

FEIRA

11.00 h Campo do Trece.
Sedes. Narón.

OENACH ATLÁNTICO



PIRUCHARLA

12.30 h Asociación Piruchela.
Neda.

ANA MOREIRAS E MIGUEL DE LIRA

03 luns

FEIRA

11.00 h Porto de Ferrol.

FEIRA MEDIEVAL

05 mércores

INFANTIL

20.00 h Parque do Principiño.
Neda.

SHEREZADE, ALADINO E OS TRES BEDUINOS

06xoves

FEIRA

19.00 h Praza de Armas. Ferrol.

FEIRA DA CERVEXA

FESTIVAL

20.00 h Área Natural Muíño de
Pedroso. Narón.

GULLIVER FEST

MÚSICA

20.30 h Asociación Piruchela.
Neda.

LEO ARREMECAGHONA

07 venres

FESTIVAL

09.00 h Área Natural Muíño de
Pedroso. Narón.

GULLIVER FEST

FEIRA

13.00 h Praza de Armas. Ferrol.

FEIRA DA CERVEXA

08 sábado

FESTIVAL

09.00 h Área Natural Muíño de
Pedroso. Narón.

GULLIVER FEST

FEIRA

13.00 h Praza de Armas. Ferrol.

FEIRA DA CERVEXA

INFANTIL

20.00 h Feira do Trece. Sedes.
Narón.

A VIAXE FELIZ DE RAMÓN SANFIZ

MÚSICA

21.30 h Praza de Galicia.
Narón.

ORQUESTA MONDRAGÓN

09 domingo

FESTIVAL

09.00 h Área Natural Muíño de
Pedroso. Narón.

GULLIVER FEST

FEIRA

13.00 h Praza de Armas. Ferrol.

FEIRA DA CERVEXA

INFANTIL

16.30 h Área Recreativa de
Pedroso. Narón.

III CARBALLEIRA!!

12 mércores

JAZZ DE RÍA

19.00 h San Antón de Corveiro.
Cedeira.

DJMIL: OBSERVACIÓN DA ECLIPSE

20.45 h San Antón de Corveiro.
Cedeira.

XABIER DÍAZ



13xoves

LIBROS

20.00 h Asociación Piruchela.
Neda.

PRESENTACIÓN: ANDRÉS DO BARRO, A XÉNESE DO POP GALEGO, DE FERNANDO FERNÁNDEZ REGO

TEATRO

20.30 h Praza Fonte Nova da
Póla da Ribeira. Espasante.
Ortigueira.

ÑIQUI ÑAQUE

JAZZ DE RÍA

21.00 h Praia do Baleo.
Valdoviño.

ALEJANDRO Y MARÍA LAURA

14 venres

NACHIÑOS FEST

19.00 h Porto de Curuxeias.
Ferrol.

BAIUCA, PUÑO DRAGÓN, PAVLENHA, HYDN, GRANDE OSSO

JAZZ DE RÍA

21.30 h Pazo da Cultura. Narón.

ENSEMBLE 100XMITES (CEN ANOS DE MILES DAVIS)

15 sábado

JAZZ DE RÍA

21.30 h Mosteiro do Couto.
Narón.

QUICO CADAVAL

19.00 h Parque Río Freixeiro.
Narón.

SARA DOWLING MEETS MICHAEL KANAN TRÍO

20.30 h Parque Río Freixeiro.
Narón.

ALBERT CIRERA & TRES TAMBORS

22.00 h Parque Río Freixeiro.
Narón.

YOSVANY TERRY QUARTET

NACHIÑOS FEST

19.00 h Porto de Curuxeias.
Ferrol.

THE RAPANTS, LA MILAGROSA, ERIS MACKENZIE, RAZE, DJ FLACA

TEATRO

17.00 h Parque Freixeiro. Narón.

30 ANOS A CONTAR HISTORIAS. NOTAS DE RODAPÉ

16 domingo

JAZZ DE RÍA

13.00 h Ribeira de San Nicolás.
Neda.

MANU SIJA

20xoves

DEGUSTACIÓN

12.30 h Asociación Piruchela.
Neda.

ALIMENTOS FERMENTADOS NA CASA, CON LAURA MAROTO

MAXIA

20.00 h Paseo Marítimo de
Xuvia. Neda.

TIN

21venres

FEIRA

18.00 h Casco histórico de Ares.

ARES INDIANO

BRIÓN FOLK

20.15 h Asociación de Veciños Castelao, Ferrol.

CANTOS DE TABERNA: OS FEROCES DA GALGUEIRA E AIRIÑOS DO EUME

FESTAS DE FERROL

20.15 h Praza de Armas, Ferrol.

PREGÓN

21.00 h Praza de Armas, Ferrol.

CADENA 100: YOLI SAA, BOMBAL E FANGORIA



22sábado

FEIRA

11.00 h Casco histórico de Ares.

ARES INDIANO

BRIÓN FOLK

13.30 h Campo da Festa de Brión, Ferrol.

CHARANGA ALXIBEIRA

20.30 h Campo da Festa de Brión, Ferrol.

ALGALÍA, AS PIÁS, LIDIA INDIA, THE LIGHTHOUSE KEEPERS


FESTAS DE FERROL

21.30 h Praza de Armas, Ferrol.

AGRIS

22.00 h Praza de Armas, Ferrol.

VANESA MARTÍN



FESTAS DE CARANZA

00.30 h Paseo marítimo, Caranza, Ferrol.

ORQUESTRA AMÉRICA DE VIGO

23domingo

FEIRA

11.00 h Casco histórico de Ares.

ARES INDIANO

BRIÓN FOLK

20.30 h Campo da Festa de Brión, Ferrol.

BANDA DE GAITAS TERRA DE TRASANCOS, ENCRUCILLADA, XARA TRIÓ, LENDA ÁRTABRA

FESTAS DE FERROL

20.00 h Concatedral de San Xiao, Ferrol.

ABA TAANO

22.00 h Praza de Armas, Ferrol.

SILOÉ

24luns

FESTAS DE FERROL

21.00 h Praza de Armas, Ferrol.

BUDIÑO

22.15 h Praza de Armas, Ferrol.

DE NINGHURES

25martes

FESTAS DE FERROL

21.00 h Praza de Armas, Ferrol.

PAULA KOOPS

22.30 h Praza de Armas, Ferrol.

LEIRE MARTÍNEZ

26mércores

FESTAS DE FERROL

22.00 h Praza de Armas, Ferrol.

CELTAS CORTOS



27xoves

FESTAS DE FERROL

19.00 h Praza de Armas, Ferrol.

RONDALLAS

ROCK EN CANIDO

20.00 h Parque Antón Varela, Canido, Ferrol.

NINO ASQUEROSO, LOS DELTONOS, SHUG R BAND E ALFREDO PIEDRAFITA

NOVO CIRCO

20.00 h Campo dos Subarreiros, Neda.

HOXE SI!

MÚSICA

20.30 h Asociación Piruchela, Neda.

LONTRAS

28venres

FESTAS DE FERROL

20.30 h Praza de Armas, Ferrol.

DANNY ROMERO, JOSÉ DE RICO E HENRY MÉNDEZ

29sábado

FESTAS DE FERROL

27.00 h Esteiro, Ferrol.

FESTA INFANTIL

20.30 h Praza de Armas, Ferrol.

BRUNOKAVI DJ, UNAILI, SKINYZ, X. MASEDA E LG1DO

30domingo

FESTAS DE FERROL

21.00 h Praza de Armas, Ferrol.

ENOL

22.30 h Praza de Armas, Ferrol.

MARLENA



31luns

FESTAS DE FERROL

22.30 h Porto, Ferrol.

LA MISIÓN

23.30 h Porto, Ferrol

ESPECTÁCULO DE DRONS

23.45 h Porto, Ferrol.

FOGOS ARTIFICIAIS

00.00 h Porto, Ferrol.

PARÍS DE NOIA



Nº 218
ANO XIX

EDITA:

ee | edicions embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

@Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilítana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.

REDE CULTURAL



Deputación
DA CORUÑA



OS D'ABAIXO EN CONCERTO

22 DE AGOSTO DE 2026

22:00 H

CAMPO DE MELLE

MOECHE

MONDRA

23 DE AGOSTO DE 2026

22:00 H

PRAZA DOMINGO TROCHE

ARES

AGRIDULCE 2.0

30 DE AGOSTO DE 2026

12:30 H

ACRD O POTE DE MANIÑOS

FENE